



Ordenanza n.º 34: reguladora da taxa pola prestación de servizos culturais.

PUBLICACION:

BOP 31/12/2011

MODIFICACION BOP 29/12/2012.

MODIFICACION BOP 26/12/2013.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza. En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa pola prestación de servizos culturais.

Artigo 2º.- Feito impoñible. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos seguintes servizos culturais de competencia municipal: -A participación en obradoiros culturais.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo. Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan participantes nos servizos e beneficiarios destes.

Artigo 4º.- Cota tributaria. -Por participación en obradoiros culturais; 99,56 €/anuais. A taxa poderá fraccionarse por meses.

Artigo 5º.- Obriga de contribuír. Aplícase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se comeza a prestación do servizo.

Artigo 6º.- Normas de xestión. Os suxeitos pasivos que se propoñan asistir ás actividades que motiven a prestación dos servizos regulamentados nesta ordenanza, deberán presenta-la solicitud de inscrición no Rexistro Xeral do concello, en instancia dirixida ó Sr. alcalde, facendo consta-la idade e o domicilio. Xunto coa solicitud de inscrición deberá achegarse o xustificante de ter realizado o ingreso da cota correspondente na conta bancaria aberta para o efecto. O abono na modalidade de taxa anual farase, con base nun rateo trimestral, nos primeiros 10 días do mes posterior á finalización do trimestre. O abono na modalidade de taxa mensual farase nos primeiros 10 días do mes do comezo da actividade. O tempo de prestación efectiva dos servizos computarase tomando como momento inicial o de comezo da actividade. A renuncia á participación, unha vez iniciada a prestación do servizo, non dará lugar a devolución ningunha, a non ser que por causas non imputables ó obrigado non se preste o servizo por parte do concello.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado a cota correspondente.

Artigo 7º.- Infracción e sancións. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, ateranse ó disposto na Lei xeral tributaria.

Disposición adicional. As tarifas anteriores incrementaranse anualmente no IPC. Disposición final.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga ó da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.